


# O Olló Público

revista das artes



**Marieta Quesada:**

"O meu é unha figuración non realista, chea de suxestións..."

### **"O meu é unha figuración non realista, chea de suxestións..." / Marieta Quesada**

Marieta Quesada, naceu en Vigo no ano de 1962 e licenciouse en Belas Artes pola Universidade de Santa Isabel de Hungría (Sevilla), en 1987. É Marieta unha artista íntegra e unha pintora de caste, e penso que ela naceu cun don para a pintura, como se a tivese dentro, como se as cores en todos os tons imaxinados, imaxinables estivesen alí como está, poderíamos dicir, a música no corazón dos negros; e se manifestasen, non sen dor, nos seus lenzos. Cando lle preguntamos a Marieta como poderíamos definir o estilo no que pinta, ela díxonos que o seu era unha "figuración non realista, chea de suxestións, que convidan a descubrir unha maneira diferente de percibir a realidade". É certo. E nós pensamos que isto se pode ver nos lenzos que teñen como tema a paisaxe: hai unha lixeireza no trazo, evocadora doutro tempo, e as cidades teñen un halo de romanticismo e gardan, polo mirar de Marieta, o misterio; a esencia da Arte. Tamén o podemos ver nos retratos... onde a sutileza das liñas nos mostran nalgunhas ocasións a melancolía; unha tristura, non sabemos se doce, que está dentro e que se ve fóra: nos ollos das mulleres retratadas. É a pintura de Marieta un gozo que nos cativa... arrebatadoramente.



*Amor y dolor*




Venecia




Conversación



Puente de Triana





Pájaro seductor



*Entre las aguas*





La libertad está muy cerca